

ACTA Nº 10/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 8 DE MARZO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 8 de marzo de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 17:30 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 17:30 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 08/10, do 22 de febreiro de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución núm. 113/10 de 3 de marzo a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno sobre solicitude de subvención á Deputación Provincial dunha axuda de 20.000 euros con cargo ao PAM para o financiamento do XXVI Festival Intercéltico do Morrazo.

Igualmente, dáse conta que na resolución núm. 123/10 de 5 de marzo a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para a aprobación de proxectos de obra do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno

Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 13/2010 – D. JOSÉ RAMÓN SANTOMÉ OTERO presenta proxecto de conservación de cuberta nunha vivenda xa existente no barrio de Fontes, nº 226, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 17 de febreiro de 2010., visado o 17 de febreiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 2 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras** de conservación e definidas no proxecto técnico presentado.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na actuación reparadora dunha cuberta coa colocación de dúas ventanas tipo velux segundo se describe na memoria construtiva do proxecto.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	140,00 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 11/2010 – D. MANUEL PAZOS ABAL presenta proxecto de reparación e conservación de cuberta nunha vivenda xa existente no barrio do Casal, nº 157, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o 09.02.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 2 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras** de conservación e definidas no proxecto técnico presentado.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na actuación reparadora dunha estrutura da cuberta coa colocación de planchas de fibrocemento e colocación de tella segundo se describe na memoria construtiva do proxecto.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	62,17 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.C) EXPTE. 14/2010 – D.^a MARÍA OLGA OGANDO GAYO presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación de vivenda -xa existente- en Berducedo, nº 20, redactado pola arquitecta técnica D.^a Sofía Rúa Piñeiro, visado o 10 de febreiro de 2010., visado o 17 de febreiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 2 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta informe da Deputación Provincial. A teor deste só se poderán autorizar obras de conservación, hixiene e ornato destinadas a garantir as mínimas condicións de habitabilidade, quedando prohibidas aquelas obras que conleven aumento de volumen, modificación de estrutura e/ou fachada ou consolidación, mellora ou ampliación da edificación.

Edificación en situación de fóra de ordenación afectada por un sistema xeral.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da planta baixa coa reparación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais, non procede o reforzo do piso do baixo-cuberta por ser obras de consolidación; manterase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	579,96 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

4.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA

EXPTE. 22/10 – CORDEIRO, S.L. representada por D.^a Rosa Martínez Barreiro, presenta proxecto básico e execución para a construción dun edificio de dous sotos e planta baixa para garaxes, trasteiros e locais comerciais, no pplan de sectorización A Xunqueira A-2, polígono 2 –parcela 4, de Moaña, redactado polo estudo de arquitectura JH. ARKMO, arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, visado o 23.12.09. Superficie construída: 2.578,80 m², soto -2: 859,60 m², soto -1: 859,60 m², p. baixa: 859,60 m²; orzamento: 572.149,76 €.

Visto o informe do aparelador municipal do día 25 de febreiro de 2010, que literalmente di:

OBRA: R.E. 1268 DE 19/02/2010. (EXPEDIENTE 22/10)

PETICIONARIO: CORDEIRO S.L.

ASUNTO: EDIFICACIÓN DE DOUS SÓTOS E PLANTA BAIXA.

SITUACIÓN: PLAN DE SECTORIZACIÓN A XUNQUEIRA A-2.POLIGONO 2, PARCELA 4.

INFORME:

De xeito xenérico defínese como obxecto dos plans parciais a regulación da **urbanización e da edificación** do solo urbanizable, desenvolvendo o plan xeral (no noso caso a NN. SS de Planeamento Municipal) mediante a ordenación detallada dun sector (Artigo 63 da LOUGA); en consonancia coa Disposición transitoria primeira que define o réxime de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado, en concreto co apartado 1.d), a presente clase de solo aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable non delimitado.

En relación coa **edificación** pódese afirmar o que de xeito xeral se determina no Artigo 58 da LOUGA para o solo urbanizable non delimitado os criterios dos plans xerais, neste caso se concreta cunha serie de determinacións que para a ordenación do sector queda fixada nas normas para esa clase de solo cumprimentando o disposto nos Artigos 66 e 67 para os plans de sectorización. Así de xeito explícito o plan de sectorización (Artigo 66.3.d) da LOUGA) indica que os plans de sectorización conterán as determinacións que para os plans parciais se establecen no Artigo 64 da LOUGA; cumprimentando o presente mandato o plan debe asignar os terreos detallada dos usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e niveis de intensidade correspondentes a cada zona. En consecuencia, a sucesiva implantación edificatoria debe rexirse pola correspondencia aos detallados edificatorios previstos no plan de sectorización.

A proposta de edificación que se presenta non se corresponde coa tipoloxía que de xeito detallado está aprobada no planeamento, concretándose nun nivel de intensidade edificatoria distinta o legalmente establecido. Non procede licenza.

En relación coa **urbanización**. Atendendo ao disposto no Artigo 154 da LOUGA os propietarios dos polígonos que se executen polo sistema de compensación realizarán á súa custa **nos termos e condicións que se determinen no plan de desenvolvemento**; deber do propietario do solo urbanizable que se reafirma no precepto do Artigo 22.f) da LOUGA cando determina a necesidade de custear e executar as obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes **nos prazos establecidos polo planeamento**.

Descartada a execución anticipada da urbanización por determinar o plan de sectorización, en función do previsto nos Artigos 66.3.d) e 64.j) da LOUGA, un pormenorizado deseño dun **plan de etapas** para o desenvolvemento das determinacións do plan no cal se inclúe **a fixación dos prazos para dar cumprimento os deberes dos propietarios entre eles os de urbanización** e de edificación. **Incumprido o plan de etapas**, posiblemente ante as situacións tan adversas do mercado inmobiliario, polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, e na previsión que o Real Decreto 3288/1978 de 25 de agosto polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística, Artigos 40, 41 e 42 deberase avaliar que polo estado de urbanización, que na actualidade resulta nula, considere previsible que a terminación da edificación da parcela de que se trate contará con todos os servizos necesarios para ter a condición de soar; o incumprimento do deber de urbanización simultánea comportará a caducidade da licenza sen dereito a indemnización, a perda da fianza prestada a que se refire o Artigo 40.1.b) sin perxucio de terceiros adquirentes. Deberáse cumprir os restantes requisitos estipulados nas referidas disposicións. **Polo estado da urbanización non procede licenza.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	16.020,20 €
Taxas licenza urbanística.....	1.373,16 €
Cartel de obra.....	110,00 €

Visto o informe do secretario municipal do 8 de marzo de 2010, no que conclúe que, visto o informe técnico do 25.02.10 no que se deixa constancia do incumprimento do Plan de Sectorización respecto das previsión de edificabilidade e usos construtivos por parte do proxecto presentado e á vista da nula execución de obra urbanizadora e ante a non presentación do aval esixido no acto de aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización, informa negativamente a solicitude de licenza presentada por CORDEIRO, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos nos informes do aparellador e do secretario municipais.

5.- LICENZAS DE APERTURA

5.A) EXPTE. 02/10 – D. FERNANDO ALVES MALVIDO solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 3 de xuño de 2009, licenza de apertura de local destinado a usos administrativos na rúa Bernardino Graña, edif. Poza Moura, II, 1º local 8, O Rosal, Moaña.

Visto o informe do aparellador municipal do 3 de marzo de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **Fernando Alves Malvido**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 64/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006 e licenza de primeira ocupación de 2 de febreiro de 2009.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 13 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **D. FERNANDO ALVES MALVIDO**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 64/2006) outorgada pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 24.07.2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 02.de febreiro de.2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. FERNANDO ALVES MALVIDO**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña edif. Poza Moura, II, 1º local 8, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.B) EXPTE. 03/10 – SUPERMERCADO NOGUEIRA, S.L. solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 9 de xullo de 2007, licenza de apertura de local destinado a SUPERMERCADO na Baixada ao Cocho, 211A, baixo.

Visto o informe do aparellador municipal do 4 de marzo de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A SUPERMERCADO.

INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **supermercado** a favor de **Supermercado Nogueira, S.L.**

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 133/2007 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 20 de abril de 2009.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade.

No expediente consta certificación acústica emitida por empresa homologada

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outógase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 3 de marzo de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **SUPERMERCADO** cuxo titular resulta ser **SUPERMERCADO NOGUEIRA, S.L.** a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 133/2007) outorgada pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 20 de abril de 2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura supermercado 1.025,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **SUPERMERCADO NOGUEIRA, S.L.**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a SUPERMERCADO no local situado na Baixada ao Cocho, nº 211 A, baixo, A Guía-Meira, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

6.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 14/10 – D.^a ROSA MARÍA DEL RÍO MANEIRO

Vista a instancia presentada o día 8 de febreiro de 2010 por Dona Rosa María del Río Maneiro, na que expón que desexa explotar a actividade de comercio polo miúdo de toda clase de artigos –epígrafe 662.2- no lugar de Verdeal, Domaio, 172, cuxa anterior titular da licenza -concedida na Comisión de Goberno do 17.06.02- era D.^a Carmen Pequeño Sanjorge. Achega documentación.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 03 de marzo de 2010, que literalmente di:

A petición do Concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 03.03.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. Rosa María del Río Maneiro na data do 08.02.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de TODA CLASE DE ARTIGOS, sito na rúa Verdeal, 172, Domaio, pertencente a Dna. Carmen Pequeño Sanjorge, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de COMER.MEN.TODA CLASE DE ARTIGOS, sito na rúa Verdeal nº 172, Domaio, pertencente a Dna. Carmen Pequeño Sanjorge. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data 17.06.2002.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de COMERCIO POLO MIÚDO DE TODA CLASE DE ARTIGOS, pertencente a Dna. Carmen Pequeño Sanjorge, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data 17.06.2002**, a favor de **D.^a ROSA MARÍA DEL RÍO MANEIRO.**

7.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO (MOAÑA)”

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” pertencente ao Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local e redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCEMIL CINCUENTA E CATRO MIL SETECENTOS OITENTA E SEIS EUROS E NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (554.786,97 euros). (478.264,63 euros + 76.522,34 euros de IVE).

8.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA”

Examinado o expediente para a contratación por PROCEDIMIENTO ABERTO, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 3 de marzo de 2010 da obra: “Construcción de pistas de atletismo na Xunqueira” proxecto redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno de data 1 de marzo de 2010, , e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS DOCE MIL DOUSCENTOS OITENTA E TRES EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (512.283,65 euros). (441.623,84 euros + 70.659,81 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por concurso con procedemento aberto da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato: plan de obra no que se determine custo e tempo das obras e estudo básico de seguridade e saúde das obras. Entende a Xunta de Goberno que é competente para a aprobación do proxecto por figurar incorporada aos Orzamentos previsión logo da modificación de crédito aprobada.

SEGUNDO.- Aprobalo expediente de contratación por procedemento aberto, tramitación urxente para a adxudicación da obra “Construcción de pistas de atletismo na Xunqueira” redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS DOCE MIL DOUSCENTOS OITENTA E TRES EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (512.283,65 euros). (441.623,84 euros + 70.659,81 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento aberto.

CUARTO.- Publicalo anuncio de licitación, tal como se establece no citado prego, no B.O.P e no perfil do contratante, deixando constancia de todo elo no expediente.

QUINTO.- Autorizalo gasto por importe de 512.283,65 euros con cargo á partida 3420.62200 con cargo ao orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñela apertura do procedemento de adxudicación.

9.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA)”

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 3 de marzo de 2010 da obra: “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)” proxecto redactado polos Servizos Técnicos Municipais e aprobado en Xunta de Goberno de data 1 de marzo de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS E OITENTA E TRES CÉNTIMOS (75.540,83 euros). (65.121,41 euros + 10.419,42 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra e a ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato: Informe Xeotécnico ou declaración da súa innecesariedade e plan de traballo. Entende a Xunta de Goberno que é competente para a aprobación do proxecto por figurar incorporada aos Orzamentos previsión logo da modificación de crédito aprobada.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)” redactado polos Servizos Técnicos Municipais e aprobado en Xunta de Goberno de data 1 de marzo de 2009 e cun presuposto de execución por contrata que ascende a SETENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS E OITENTA E TRES CÉNTIMOS (75.540,83 euros). (65.121,41 euros + 10.419,42 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes catro empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- EDISERPO S.L.
- PLIGEPE S.L.
- CONSTRUCTIONS XULIO CASTAÑO S.L.
- E. P. MARTIÑO

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 75.540,83 euros con cargo á partida 3210.63203 do orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

10.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA DE MOAÑA”

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 3 de marzo de 2010 da obra: “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña” proxecto redactado polo Arquitecto D. Javier Rial Lemos e aprobado en Xunta de Goberno de data 1 de marzo de 2010 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CENTO DOCE MIL SETENTA E CATRO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (112.074,67 euros). (96.616,10 euros + 15.458,57 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra e ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato: Orzamento desglosado das obras cos prezos unitarios e descompostos, Informe Xeotécnico ou declaración da súa innecesariedade, plan de traballo, prego de prescricións técnicas e acta de replanteo do proxecto. Entende a Xunta de Goberno que é competente para a aprobación do proxecto por figurar incorporada aos Orzamentos previsión logo da modificación de crédito aprobada.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña” redactado polo Arquitecto D. Javier Rial Lemos e aprobado en Xunta de Goberno de data 1 de marzo de 2010 e cun orzamento de execución por contrata que ascende a CENTO DOCE MIL SETENTA E CATRO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (112.074,67 euros). (96.616,10 euros + 15.458,57 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes catro empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- EDISERPO S.L.
- PLIGEPE S.L.
- CONSTRUCCIONS XULIO CASTAÑO S.L.
- E.P. MARTIÑO

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 112.074,67 euros con cargo á partida 3250.63200 do orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

11.- SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

En data 30 de xaneiro de 2007 o Concello e a empresa NA CASA, asinan contrato de servizos de axuda no fogar.

En data 25 de xaneiro de 2010, a Xunta de Goberno acorda aprobar prórroga polo prazo de tres meses, dende o 1 de febreiro de 2010.

En data 18 de febreiro de 2010, NA CASA, adxudicataria do servizo de axuda no fogar, presenta solicitude de revisión de prezos en base ás novas táboas salariais dos auxiliares de axuda no fogar o que obriga ao cambio do prezo por hora e solicitando o pago de 10,70 euros máis IVE por hora.

Visto o informe da Secretaría Municipal de data 25 de febreiro de 2010 no que se sinala que non cabe solicitar a revisión de prezos nos termos expostos, como consecuencia de incrementos de costes del persoal derivadas da aplicación de un convenio colectivo e que unicamente cabería a revisión de prezos nos termos expresados nos pregos, incremento igual ao IPC galego previa solicitude do contratista.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda desestimar a solicitude de revisión de prezos presentada por NA CASA en base ás novas táboas salariais dos auxiliares de axuda no fogar o que obriga ao cambio do prezo por hora e solicitando o pago de 10,70 euros máis IVE por hora, por entender, conforme ao informe de Secretaría, que non entra nos supostos de revisión de prezos previsto no contrato e supoñer incremento de custos que deben correr a cargo da adxudicataria do servizo.

12.- RECOÑECIMENTO DE ANTIGÜIDADE DE TRABALLADORES

12.A) D. ANTONIO GONZÁLEZ COUSO, por instancia con entrada no rexistro do Concello o día 5 de maio de 2009, expón que desde o 07.08.95 vén traballando para o Concello de Moaña, como xustifica coa vida laboral que acompaña, e que se lle está a pagar a antigüidade por tres trienios, cando tería que estar cobrando por catro trienios, polo que solicita que se arranxe ese erro e que se lle paguen os importes que corresponden.

Visto o informe do departamento de persoal do 18 de xuño de 2009, que di:

ASUN TO: RECOÑECEMENTO ANTIGUEDADE.

Examinada por este departamento de persoal, a solicitude presentada por D. ANTONIO GONZÁLEZ COUSO, traballador laboral fixo coa cotegoria de oficial 1º albanel, no que solicita se lle reconozcan o tempo traballado nesta administración a efectos de trienios. En nómina figura con unha antigüedad de: 03,03,98.

No expediente consta a seguinte documentación:

Contrato: 07,08,95	a	06.12.95	122 días	como oficial 1º albanel
Contrato: 14,12,95	a	13,02,96	62 días	como oficial 1º albanel
Contrato: 15,02,96	a	14,08,96	182 días	como oficial 1º albanel
Contrato: 22,08,96	a	10,12,96	111 días	como oficial 1º albanel
Contrato: 12,12,96	a	31,12,96	20 días	como oficial 1º albanel
Contrato: 05,02,97	a	04,02,98	365 días	como oficial 1º albanel
Contrato: 03,03,98	a	14,06,01	1200 días	como peón albanel
Contrato: 16,06,01	a	15.05.08	2526 días	como peón albanel.

**Toma de posesión como TRABALLADOR FIXO OFICIAL 1º ALBANEL, en data 16,05,08
TEMPO PARA RECOÑECER: 2 anos, 4 meses e 12 días**

Visto o informe do secretario do 3 de marzo de 2010, no que conclúe que debe incluírse para o cómputo da antigüidade do traballador reclamante os períodos contractuais nos que prestou servizos no Concello con carácter temporal con anterioridade a data de ingreso con carácter definitivo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñerlle a antigüidade a D. Antonio González Couso segundo os informes do departamento de persoal e do secretario municipais, computándolle, ademais, o tempo que consta que traballou no Concello antes do 03.03.98 e que son 2 anos, 4 meses e 12 días.

12.B) D. ÁNGEL M. PARAMÓS CORRALES por instancia do 1 de decembro de 2008 expón que dende o 10.06.08 é canteiro oficial de 1ª destinado en Servizos con contrato labora fixo. Indica que ten traballado para este Concello 2786 días e, para outros, 1633 días. Acompaña vida laboral, relación de tempo traballado especificando datas e destinos, contratos e certificados do Concello, certificación de servizos no Patronato M. Beiramar e contrato, así como contratos e primeira e última nómina nos concellos da Coruña, Redondela, Bueu e Cangas. Solicita que se teña en conta ese tempo traballado a efectos de antigüidade e trienios.

Visto o informe do departamento de persoal do 9 de xaneiro de 2009, que di:

ASUNTO: RECOÑECEMENTO ANTIGUEDADE:

Examinada por este departamento de persoal, a solicitude presentada por D. Angel Maria Paramos Corrales, traballador laboral fixo coa categoria de Oficial canteiro, no que solicita se lle reconozcan o tempo traballado nesta administración e outras para antigüidade a efectos de trienios.

No expediente consta a seguinte documentación:

CONCELLO DE MOAÑA:

Peón Albanel:	20.06.85 á 19.10.85	116 días
Oficial Canteiro	19,06,89 á 15,11,89	150 días
Peón albanel	13,12,89 á 31.01,90	43 días
Monitor	12,11,90 á 11,05,91	181 días
Oficial Canteiro	08,01,03 á 07,06,03	151 días
Oficial Canteiro	19,07,07 á 20,12,07	155 días

PATRONATO BEIRAMAR:

Monitor	29,07,96 á 05,09,98	4 días, 1 mes, 2 años
Monitor	11,08,00 á 29,06,01	23 días, 10 meses. ---
Monitor	28,12,01 á 27,12,02	--- --- 1 año
Monitor	30,06,03 á 29,06,04	1 día, 0 meses, 1 año
Monitor	21,12,07 á 09,06,08	172 días

ESCOLA OBRADOIRO A GRANXA DE CANGAS

Monitor	30,06,05 á 29,12,06	548 días
---------	---------------------	----------

CONCELLO DA CORUÑA

Monitor	10,07,91 á 09,01,92	184 días
---------	---------------------	----------

CONCELLO DE REDONDELA

Monitor	03,01,95 á 29,06,95	178 días
Monitor	30,06,95 á 29,12,95	183 días

CONCELLO DE BUEU

Experto en Canteria	30,12,98 á 29,06,99	182 días
Idem	30,06,99 á 29,06,00	366 días

TOTAL.- 12 ANOS, 1 MES E 17 DÍAS

Visto o informe do secretario do 3 de marzo de 2010, no que conclúe que debe incluírse para o cómputo da antigüidade do traballador reclamante os períodos contractuais nos que prestou servizos no Concello con carácter temporal con anterioridade a data de ingreso con carácter definitivo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñerlle a antigüidade a D. ANGEL M. PARAMÓS CORRALES segundo os informes do departamento de persoal e do secretario municipais: 12 anos, 1 mes e 17 días.

13.- RECLAMACIÓN DE PAGO A AQUALIA DAS RETRIBUCIÓN SALARIAIS E GASTOS DE SEGURIDADE SOCIAL DE DOUS TRABALLADORES ADSCRITOS.

Visto o informe da tesourería municipal do 5 de marzo de 2010, que di:

Asunto: Reclamación de pago a Aqualia Gestión Integral del Agua, S.a. das retribucións salariais e gastos da Seguridade Social dos traballadores Javier Gil Collazo e Jesús Rodríguez Piñeiro,

adscritos ao servizo de augas durante o cuarto trimestre do ano 2008 e o 1º, 2º e 3º trimestre do ano 2009.

Legislación examinada:

Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña.

Lei de bases de réxime local, 7/85

Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Artigo 7 do prego de condicións administrativas da concesión do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais.

Informe

O artigo 7 do prego de condicións económico-administrativas e prescricións técnicas que rexen o concurso para a adxudicación do contrato de xestión mediante a modalidade de concesión dos servizos de captación, distribución e subministración domiciliaria de auga potable e recollida, depuración e vertido das augas residuais, sinala que o persoal municipal adscrito á concesionaria percibirá as súas retribucións e demais prestacións directamente do Concello e que os custes de explotación que oferten as empresas licitadoras serán aboados directamente polo Concello, deducíndose o importe correspondente ós custes do persoal indicado.

Consultada a contabilidade do Concello, o gasto de persoal destes traballadores no último trimestre do ano 2008 e ó longo dos tres primeiros trimestres do ano 2009 ascende as seguintes cantidades

Retribucións

Periodo	Javier Gil Collazo	Jesús Rodríguez Piñeiro
3º trimestre 2008	8.090,76	6.429,48
1º, 2º e 3º trimestre 2009	20.362,28	16.563,30
Total	28.453,04	22.992,78

Seguridade Social

Seguridade social 2008	4.492,28
Seguridade social 2009	13.977,45
Total	18.469,73

Conclusión

As cantidades correspondentes ós postos de traballo considerados en concepto de retribucións e gastos da Seguridade Social nos períodos mencionados ascenderían a un total de 69.915,55 euros, sen embargo ditos custes reducíronse con motivo da baixa causada por Javier Gil Collazo, nun importe de 7.036,09 euros, polo que os custes realmente cubertos polo Concello ascenden a **62.879,46 euros**, cantidade que non foi aboada pola empresa concesionaria Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A e que, polo tanto, deberá ser liquidada por acordo da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, aprobar a liquidación presentada pola tesoureira municipal por unha contía de 62.879,46 euros e requirir á empresa concesionaria AQUALIA para que proceda ao seu pagamento.

14.- CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDO SOBRE LIQUIDACIÓN DE TAXA POR OCUPACIÓN DO SOLO, SUBSOLO E VOO.

Na Xunta de Goberno Local do 14 de decembro de 2009, con base nun informe da tesoureira municipal do 11 de decembro de 2009, tomou o seguinte acordo:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Distribución, S.A. por 2.828,09 euros polo período que se recolle no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro

Visto que o período a que se refería o informe no que se basea o acordo era de outubro de 2009, non ao de novembro de 2009 como erroneamente se transcribiu na acta,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda correxir o erro detectado e rectificar o acordo no sentido de que a contía da liquidación aprobada correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Distribución, S.A. por 2.828,09 euros correspondía ao período de outubro de 2009.

15.- REDUCCIÓN DE COTAS ALUMNOS/AS AULA DE XIMNASIA DA FANEQUEIRA.

Visto o informe da animadora sociocultural de data 5 de marzo de 2010, no que indica que debido ás obras que se están a realizar no local da aula de ximnasia das persoas maiores da Fanequeira, os/as alumnos/as tiveron que trasladarse ao ximnasio do Colexio da Guía e reducir a dúas o nº de clases á semana, no canto das tres que se tiña estipulado e por iso **propón unha redución da cota mensual de 5 a 3 euros, dende o mes de marzo ata finais de curso en xuño –catro meses-.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, aproba reducir a cota mensual pola asistencia á aula de ximnasia da Fanequeira á 3 euros, dende marzo ata xuño de 2010, polos motivos recollidos no informe da animadora sociocultural.

16.- FURANCHOS

16.A) D. LUIS FERVENZA ENTENZA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia -300 litros de tinto e 700 litros de branco-, en O Piñeiro – Berducedo, 105, Moaña, a partir do 15 de marzo deste ano. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado a partir do 15 de marzo de 2010 e por un período de tres mes, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

16.B) D. JOSE LUIS COUSO GALLEGO solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia - 300 litros de tinto e 600 litros de branco-, en Broullón nº 36, Moaña, a partir do día 1 de abril deste ano. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña 2009/10 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado a partir do 1 de abril de 2010 e por un período de tres meses, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

17.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE COCHE POR TITULAR DE LICENZA DE TAXI

Por escrito do 19 de febreiro de 2010, D. Cándido Paz Rodríguez, titular da licenza de taxi nº 2, solicita cambio de vehículo por renovación de material, substituíndo o actual Peugeot 407, matrícula PO 8059 BH por outro Peugeot 407, matrícula 2447 GTF e número de bastidor VF36DRHF8AL002056

..

Visto o informe do negociado de taxis, no que indica que non hai inconveniente en acceder ao solicitado tras o pagamento das taxas correspondentes que ascenden a 25 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar o cambio de vehículo solicitado **previo pagamento das taxas correspondentes**, cuxa contía ascende a 25 euros.

18.- MOBILIDADE

18.A) Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do 13 de xaneiro de 2010, conformado pola concelleira de tráfico, que di:

Que por motivos da seguridade do tráfico, habería que proceder á sinalización da intersección da estrada do Casal (acceso e saída do corredor do Morrazo) coa estrada provincial 1104, á altura do p.k. 2.600, ante a falta de visibilidade dos condutores que se incorporan dende a estrada do Casal a estrada E.P. 1104, xa que estacionan vehículos na beiravía da estrada E.P. 1104.

Procedería a colocación dun sinal vertical (de prohibido estacionar, cunha flecha hacia a intersección) á altura da vivenda núm. 21 B – Ameixoadá (a unha distancia duns 6 metros de intersección).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a sinalización da intersección da estrada do Casal nos termos reflectidos no informe do xefe da Policía Local.

18.B) D.^a María Inés Juncal Cruz, por escrito con entrada no concello o día 11 de febreiro de 2010, expón que é residente na rúa Senra nº 28 e que se quere acceder á

vivenda dende a rúa Daniel Castelao, o acceso está obstaculizado polos coches que aparcan no comezo da rúa Senra. Solicita que non se poida aparcar en dita entrada.

A mesma solicitude realiza D. Jesús Juncal Cruz, representante da empresa Construcciones Juncal y Cruz, S.L., que expón que están a realizar u nha obra na rúa Senra e non poden acceder co furgón máis o remolque debido a que hai coches estacionados no acceso dende a rúa Daniel Castelao.

Visto o informe do xefe da Policía Local do 18 de febreiro de 2010 que indica que se ben nas inmediacións do cruce entre o Camiño da Senra e a rúa Daniel Castelao está prohibido estacionar coma en calquera intersección, si que sería sinalizar co pintado dunha liña amarela, nun treito de 5,00 m. a partir do comezo do camiño da Senra para que a entrada dende a rúa Daniel Castelao se poida facer con seguridade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o pintado dunha liña amarela de 5 metros segundo recolle o informe da Policía Local.

19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
Lorena Benavides Jorge	Auga e Saneamento, uso doméstico	Ameixoada, 31 b	D ^{os} conexión auga..... 60 Fianza “ auga..... 20 D ^{os} saneamento180	Aqualia Técnico
Isabel Ríos Riobó	Saneamento, uso doméstico	Lourido, 74 Moaña	Presenta copia de factura do ano 2002 de Espina & Delfin pola acometida simple de augas fecais.	

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:50 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.